# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAGOA DE ANTELA - 32015232
CURSO: 1º BACHARELATO A
MATERIA: GREGO 1
DEPARTAMENTO: GREGO
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# INDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. Información e publicidade.

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| B3.3 Coñecer os enunciados e paradigmas das declinacións gregas: recapitulación 1ª e 2ª; 3ª en oclusiva.<br>B3.4 Coñecer os enunciados e paradigmas das declinacións gregas: 3ª en nasal e líquida. | GR1B3.5.1 Clasifica e declina substantivos da 1ª e 2ª declinacións.<br>GR1B3.5.2 Clasifica e declina substantivos da 3ª declinación en oclusiva, nasal e líquida. |
| B3.5 Coñecer e analizar formas dos verbos temáticos: presente indicativo, imperativo, infinitivo e pretérito imperfecto das voces activa e medio-pasiva. | GR1B3.6.1 Recoñece as formas do presente activo e medio-pasivo.<br>GR1B3.6.2 Recoñece as formas de imperativo e infinitivo activo e medio-pasivo.<br>GR1B3.6.5 Recoñece as formas de pretérito imperfecto activo e medio-pasivo. |
| B5.1 Introducirse na civilización grega mediante a lectura de pequenas unidades de contidos socio-culturais. | GR1B5.1.3 Coñece e describe de modo xeral os trazos da historia de Atenas<br>GR1B5.1.4 Describe e valora a sociedade grega e relación co mundo actual.<br>GR1B5.1.1 Describe de modo xeral as características xeográficas e físicas da Hélade. |
| B6.1 Iniciarse nas técnicas de tradución a través da lectura comprensiva das unidades. | GR1B6.1.1 Le e comprende os textos das unidades<br>GR1B6.2.1 Deduce o significado do léxico descoñecido a partir das imaxes e do contexto.<br>GR1B6.2.2 Traduce con axuda de vocabulario |

| 2. Avaliación e cualificación. | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>◘ Distribución de catros unidades (8a, 9a, 9b e 10a) traducidas e exhaustivamente explicadas polo profesor a través do correo electrónico, nas que se reforzan contidos xa vistos e se amplían minimamente outros.<br>◘ Corrección e valoración das tarefas enviadas polo alumnado.<br>◘ Observación sistemática e personalizada do traballo e dificultades que poida ter o alumnado.<br>◘ Unha proba de autoavaliación de cada unha das catro unidades onde se revisan e repiten contidos explicados e estudados na unidade. |
| | Instrumentos:<br>♦ Resolución dos exercicios de cada unha das unidades.<br>♦ Proba de gramática con sinxelas cuestións de completar ocos, traducir frases e traducir un pequeno texto con vocabulario.<br>♦ Comentario crítico dun fragmento literario traducir e referido ao contido socio-cultural da unidade. |
| **Cualificación final** | A valoración final do alumnado farase seguindo o seguinte criterio:<br>■ Nota media das cualificacións da 1º e 2º avaliación (50% cada unha = 100%).<br>■ Valoración positiva de ata un 20% da nota para o alumnado que complete as tarefas do 3º trimestre e as envíe nos prazos indicados por correo. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | ● A materia a avaliar na proba extraordinaria de setembro será a correspondente ao 1º e 2º trimestre unicamente (Unidades I-VII).<br>● A proba constará de un exercicio de tradución de oracións de sintaxe elemental do curso (5 puntos), unha cuestión de encher ocos para comprobar o dominio da morfoloxía (10 puntos), unha tradución con vocabulario (3 puntos) e un comentario dun pequeno texto literario traducido sobre as cuestións socio-culturais vistas na aula (2 puntos); 20 puntos = 10.<br>● De non poder levarse a cabo de xeito presencial realizaríase online do mesmo xeito que as autoavaliacións: envío dun PDF e entrega a través do correo. |
| **Alumnado de materia pendente** | Non hai alumnos con esta materia pendente. |
| | |
| | |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º Trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | ♦ Estudo comprensivo das unidades arriba indicadas.<br>♦ Resolución de exercicios referidos ás unidades e de reforzo dos contidos vistos antes do confinamento. Ao se tratar dunha lingua os contidos retómanse unha e outra vez, só se engade algún vocabulario e estrutura nova.<br>♦ Resumos sobre os contidos socio-culturais arriba indicados. |
| **Metodoloxía ( alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todo o alumnado de 1º de bacharelato conta con medios para estar conectado no seguimento do 3º trimestre, polo menos cunha conta de correo e medios para acceder a ela, por tanto a metodoloxía céntrase nese medio:<br>● Envío de material para o seu estudo e resolución de dúbidas a través do correo e puntualmente do teléfono.<br>● Entrega de actividades e autoavaliación no correo electrónico do profesor. |
| **Materiais e recursos** | ● Apuntamentos elaborados polo profesor nos que traduce e se explica liña por liña o contido da unidade de estudo e as dificultades gramaticais que poidan xurdir.<br>● Solucionario dos exercicios e unidades socio-culturais elaborados polo profesor.<br>● Eventualmente poderase enviar ligazóns a vídeos que ilustren algún dos aspectos tratados na unidade. |

| . Información e publicidade. | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.<br>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo.<br>Correo electrónico. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro.<br>Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.<br>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAGOA DE ANTELA - 32015232
CURSO: 2º BACHARELATO
MATERIA: GREGO 2
DEPARTAMENTO: GREGO
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## INDICE


1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. Información e publicidade.

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos. | GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.<br>GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán. |
| B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior. | GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos. |
| B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos. | GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución. |
| B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto. | GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a. |
| B6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais. | GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais. |

| 2. Avaliación e cualificación. | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>◘ Distribución de textos e exercicios a través do correo electrónico.<br>◘ Atención personalizada do traballo que desenvolve o alumnado.<br>◘ Corrección e valoración das tarefas entregadas polo alumnado.<br>◘ Distribución, corrección e valoración de exercicios de repaso e recuperación.<br>◘ Distribución, corrección e valoración de exercicios de ampliación |
| | ♦ Tradución de textos de Xenofonte escolmados das súas obras principais.<br>♦ Tarefas de tipo sintáctico, morfolóxico e léxico (helenismos).<br>♦ Elaboración de respostas a cuestións sobre as lecturas literarias que marca a programación. |
| **Cualificación final** | A valoración final do alumnado farase seguindo o seguinte criterio:<br>■ Nota media das cualificacións da 1º e 2º avaliación (50% cada unha = 100%).<br>■ Valoración positiva de ata un 20% da nota para o alumnado que complete con éxito e remita ao correo do profesor as tarefas do 3º trimestre. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | ● A materia a avaliar na proba extraordinaria de setembro será a correspondente ao 1º e 2º trimestre unicamente (textos e gramática da *Anábase*).<br>● A proba constará de preguntas de tradución (6 puntos), análise sintáctica ou morfolóxica (1 punto), pregunta referida ao autor e/ou a súa circunstancia histórica (1 punto), pregunta referida ás lecturas obrigatorias, xa estudadas antes do confinamento (1 punto).<br>● De non poder levarse a cabo de xeito presencial realizaríase online (proporcionando os medios necesarios) ben de xeito escrito ou oral. |
| **Alumnado de materia pendente** | Criterios de avaliación: Non se dá esta circunstancia. |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: Non se dá esta circunstancia. |
| | Criterios de cualificación: Non se dá esta circunstancia. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º Trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | ♦ Tradución de textos de Xenofonte, especialmente das *Helénicas*.<br>♦ Resolución de exercicios de reforzo, repaso e ampliación.<br>♦ Envío de modelos resoltos de exames ABAU segundo a adaptación feita polo grupo de traballo da CIUGA perante as circunstancias actuais. |
| **Metodoloxía ( alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todo o alumnado de 2º de bacharelato conta polo menos cunha conta de correo operativa e os medios para acceder a ela. A través desa conta as actividades a desenvolver son:<br>● Explicacións e resolución de dúbidas de xeito personalizado.<br>● Entrega de actividades a través do correo.<br>● Envío de apuntamentos sobre cuestións gramaticais importantes e sobre aquelas que quedaron sen explicar polo confinamento. |
| **Materiais e recursos** | ●Antoloxía de textos das *Helénicas* dividida en catro capítulos e elaborada polo profesor.<br>● Modelos resoltos de probas ABAU adaptadas ás circunstancias actuais.<br>● Distribución de apuntamentos que recollan e reforcen os puntos gramaticais, culturais e literarios máis destacados do curso. |

| 4. Información e publicidade. | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.<br>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo.<br>Correo electrónico. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro.<br>Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.<br>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAGOA DE ANTELA - 32015232
CURSO: 3º ESO A-B
MATERIA: CULTURA CLÁSICA
DEPARTAMENTO: GREGO
DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# INDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. Información e publicidade.

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| B.5.2 Coñecer o organización social grecorromana<br>B.7.1 Valorar a supervivencia ou non dos modelos sociais de Grecia e Roma na sociedade actual | CCB5.2.1 Coñece as clases sociais da Atenas clásica e estabelece relacións de comparanza e diferenza coa sociedade actual.<br>CCB5.2.2 Coñece as clases sociais romanas e estabelece relacións de comparanza e diferenza coa sociedade actual.<br>CCB7.1.1 Valora o cambio no papel social das mulleres entre o mundo antigo e o actual. |
| B.5.3 Coñecer a estrutura familiar da sociedade grecorromana | CCB5.3.1 Coñece a estrutura da familia grega e estabelece relacións de comparanza e diferenza coas familias modernas. |
| B.5.4 Coñecer as principais aportacións da filosofía e da ciencia de Grecia e Roma. | CCB5.4.1 Coñece e valora algunhas das aportacións da filosofía grega.<br>CCB5.4.2 Coñece e valora algunhas das aportacións da ciencia, da técnica e do urbanismo romanas. |
| B.5.5 Coñecer as principais formas de lecer de gregos e romanos. | CCB5.5.1 Coñece as competicións atléticas da Grecia antiga e explica a orixe dos Xogos Olímpicos modernos.<br>CCB5.5.2 Coñece os espectáculos de circo e anfiteatro romanos e relaciónaos con formas de espectáculo actuais. |
| B.4.5 Valorar o patrimonio romano da península Ibérica | CCB4.5.1 Valora e comenta obras públicas romanas conservadas na península Ibérica. |

| 2. Avaliación e cualificación. | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>◘ Distribución de apuntamentos, imaxes e breves textos literarios a través da Aula Virtual do centro.<br>◘ Observación sistemática do seguimento que o alumnado fai da materia.<br>◘ Corrección e valoración das tarefas entregadas polo alumnado.<br>◘ Ao menos un comentario escrito dunha obra romana conservada na península Ibérica. |
| | Instrumentos:<br>♦ Cuestionario de reforzo, repaso e ampliación dos contidos explicados.<br>♦ Comentario de imaxes.<br>♦ Comentario de pequenos textos literarios traducidos con preguntas de comprensión.<br>♦ Elaboración dun pequeno estudo sobre un monumento romano da península Ibérica. |
| **Cualificación final** | A valoración final do alumnado farase seguindo o seguinte criterio:<br>■ Nota media das cualificacións da 1º e 2º avaliación (50% cada unha = 100%).<br>■ Valoración positiva de ata un 20% da nota para o alumnado que complete as tarefas do 3º trimestre de xeito telemático e online con éxito. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | ● A materia a avaliar na proba extraordinaria de setembro será a correspondente ao 1º e 2º trimestre unicamente (Fontes para o estudo do mundo clásico, Literatura grecorromana, Mitoloxía, Arte e os traballos desenvolvidos ao redor dos filmes *Ágora* e *Percy Jackon e o ladrón do raio*)<br>● A proba constará de preguntas de definicións (2 puntos), temas a desenvolver (3 puntos) e comentario de imaxes (2 puntos) e comentario de texto literario (3 puntos).<br>● De non poder levarse a cabo de xeito presencial realizaríase online (proporcionando os medios necesarios) ben de xeito escrito ou oral. |
| **Alumnado de materia pendente**<br>**(Non se dá esta circunstancia)** | Criterios de avaliación: |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación: |
| | Criterios de cualificación: |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º Trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Activididades** | ♦ Cuestionarios sobre contidos xa estudados e tres unidades novas.<br>♦ Comentario de imaxes a partir dos contidos.<br>♦ Comentarios de pequenos textos literarios.<br>♦ Comentario dunha obra romana da península Ibérica.<br>♦ Adaptación de contidos e unidades novas para as dúas alumnas con NEE. |
| **Metodoloxía ( alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Máis do 50% do alumnado de 3º de ESO A-B conta con medios para estaren conectados durante o 3º trimestre. A metodoloxía céntrase nos medios online manexados:<br>● Explicacións e actividades a través da Aula Virtual.<br>● Entrega de actividades mediante o correo electrónico do profesor.<br>● Apuntamentos e presentación dispoñibles na Aula Virtual.<br>O resto de alumnos, están comunicados telemáticamente e avisados polos seus titores mais non colaboran na entrega dos traballos propostos. |
| **Materiais e recursos** | ● Apuntamentos propios en PDF dispoñibles na Aula Virtual.<br>● Tarefas de repaso, recuperación e ampliación confeccionadas para a súa difusión e corrección online.<br>● Adaptación de contidos e unidades novas para as alumnas con NEE na Aula Virtual.<br>● Presentación PowerPoint: Monumentos romanos da península Ibérica. |

| 4. Información e publicidade. | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.<br>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo.<br>Correo electrónico. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro.<br>Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.<br>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo. |